

HOSPITAL REAL

EPISODIO 10

"Miserere Mei"

Guión

Carlos Portela, Lidia Fraga

Versión 02

(16/03/2015)

Ficción Producciones

INICIO DE MONTAXE MUSICAL DE SECUENCIAS:**10.01. INT. HOSPITAL/CONSULTA - DÍA (DÍA 1º)**

SEBASTIÁN, DANIEL, CLARA, OFF BERNARDO

SEBASTIÁN examina a CLARA en presenza de DANIEL, que observa a escena con preocupación.

SEBASTIÁN asegúrase de que os signos vitais da moza son normais. El e DANIEL intercambian unha mirada de incredulidade ante a súa milagreira recuperación.

De fondo, alén de música, escóitase a voz en off de BERNARDO lendo unha pasaxe do Evanxeo segundo San Mateo.

BERNARDO (V.O)

"Tremeu a terra, as rochas fenderon e abríronse os sepulcros. Moitos dos que estaban mortos resucitaron".

CORTA A:**10.02A. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 1º)**

GASPAR, ANDRÉS, BERNARDO

Nota: toda a secuencia 10.02 (10.02A, 10.02B, 10.02C, 10.02D e 10.02E) transcorre no mesmo set. Van cambiando os personaxes por montaxe.

Investigación sobre "a resurrección" de Clara. GASPAR e BERNARDO falan primeiro con ANDRÉS. BERNARDO leva unha biblia nas mans (da que leu a pasaxe de San Mateo).

ANDRÉS

(Respondendo a Bernardo)

Clara nunca chegou a estar morta. Dificilmente puido resucitar.

GASPAR

Iso correspóndenos a nós xulgalo...

ANDRÉS

Con tódolos respectos, é competencia do arcebispo Malvar.

GASPAR

O arcebispo está de viaxe. Terá que conformarse connosco.

A tensión entre ANDRÉS e GASPAR é evidente. BERNARDO intenta calmar os ánimos.

BERNARDO

(A Andrés, conciliador)

Só intentamos entender o que sucedeu... Que lle dixo a súa filla cando a atopou?

CORTA A:

10.02B. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 1º)

GASPAR, ANDRÉS, CLARA, BERNARDO

Por corte co anterior: agora é CLARA a interrogada.

CLARA

O certo é que non o lembro. Non podó recordar nada do que pasou nos últimos días...

GASPAR

Non pode, ou non quere?

ANDRÉS

(Susceptible)

Que motivos tería para mentir?

BERNARDO

Por favor, don Andrés... Rógolle que non conteste pola súa filla.

ANDRÉS

Daquela fagan as preguntas axeitadas!

GASPAR

Non se trata de nada persoal. É só que a súa falta de memoria paréceme demasiado...

(Escolle a palabra)

Oportuna.

CORTE A:

10.02C. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 1º)

GASPAR, ANDRÉS, SEBASTIÁN, BERNARDO

Por corte co anterior: SEBASTIÁN pasa polo interrogatorio.

SEBASTIÁN

A desorientación e as lagoas na memoria son efectos secundarios do tratamento con estramonio.

GASPAR

O que non podo entender, doutor, é por que llo receiptou. Se é tan perigoso...

SEBASTIÁN

Na cantidade adecuada, é o máis axeitado para a súa doenza. O problema aparece cando se administra en doses elevadas.

GASPAR

Mágoa que a súa paciente non lembre ter tomado esa sobredose...

CORTA A:

10.02D. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 1º)

GASPAR, ANDRÉS, CRISTÓBAL, BERNARDO

Por corte co anterior: CRISTÓBAL comparece ante o tribunal.

CRISTÓBAL

As probas indican que colleu o estramonio da botica.

GASPAR

O que indican é que o estramonio desapareceu. Calquera puido collelo.

CRISTÓBAL

Pero só ela sufriu os seus efectos.

BERNARDO ten diante o estudo médico sobre o estramonio.

BERNARDO

E di que este estudo documenta outros casos de resurreccións?

CRISTÓBAL

De catalepsia. Un soldado inglés chegou a estar nese estado durante catro meses.

GASPAR

Pretende que creamos que un home
volveu á vida despois de tanto
tempo? Iso é todo un acto de fe,
licenciado.

CRISTÓBAL

Vostede chámoo fe. Eu chámoo
ciencia, reverendo.

CORTA A:

10.02E. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 1º)

GASPAR, ANDRÉS, DANIEL, BERNARDO

Por corte co anterior: o último en pasar polas preguntas de
GASPAR é DANIEL.

BERNARDO

Iso é todo, doutor... Creo que
temos datos suficientes para
arquivar esta investigación.

GASPAR

Non tan rápido, padre... Apelo ó
meu dereito de realizar un
Exorcismo Maior.

ANDRÉS e DANIEL saltan ó unísono.

DANIEL

Que!?

ANDRÉS

Como se atreve!?

BERNARDO

(A Gaspar)

Pensa que é prudente, tendo en
conta o estado da moza?

GASPAR

Con maior motivo debemos librala da
influencia do maligno.

ANDRÉS

Non vou permitilo!

GASPAR

Témome que isto está por riba do
seu poder.

ANDRÉS intenta controlar a súa rabia.

GASPAR (CONT.)
(Sabendo que é imposible)
A menos que presente unha proba
concluínte de que o demo non tivo
nada que ver neste asunto.

ANDRÉS
(Convencido)
Farémolo.

DANIEL e BERNARDO miran sorprendidos a ANDRÉS.

FIN DA MONTAXE MUSICAL DE SECUENCIAS.

10.03. INT. HOSPITAL/CUARTO - DÍA (DÍA 1º)

OLALLA, ROSALÍA, ÚRSULA

OLALLA e ROSALÍA están a facer as camas en silencio. ROSALÍA mira á súa amiga de cando en cando. Non aguanta máis e rompe a falar.

ROSALÍA
Pero é que non vas dicir nada?

OLALLA
De que?

ROSALÍA
Da procesión do Santísimo... Ti que
pensas? Da resurrección de Clara!

OLALLA
Foi un milagre...

ROSALÍA
Xa está? É todo o que opinas ó
respecto?

OLALLA
Alégrame que estea ben.

ROSALÍA
E que ides facer Daniel e máis ti?

OLALLA está a piques de contestar, pero nese momento ÚRSULA irrompe no cuarto sen chamar.

ROSALÍA (CONT.)
Irmá!

ÚRSULA

Sei que onte á noite axudaron ó soldado Salcedo.

ROSALÍA

Nós--

ÚRSULA faille un xesto para que cale.

ÚRSULA

Non insulten a miña intelixencia. Afortunadamente para vostedes, non teño probas. Pero vounas vixiar de preto.

ROSALÍA e OLALLA intercambian unha mirada de temor.

ÚRSULA (CONT.)

Agora, a traballar. Hai moito que facer.

OLALLA

Si, irmá.

OLALLA e ROSALÍA marchan.

Cando ÚRSULA está a piques de saír, ve algo no chan que chama a súa atención. É un botón de puño ou similar (*segundo o que vestuario/dirección decidise no episodio anterior*). Cólleo e gárdao no peto.

SEPARATA 10.04 - (10/03/15)

10.04. INT. HOSPITAL/BOTICA - DÍA (DÍA 1º)

ANDRÉS, DANIEL, SEBASTIÁN, CRISTÓBAL

Están todos reunidos despois do interrogatorio de Gaspar pola "resurrección" de Clara. Preocúpalles a ameaza do inquisidor de practicarlle un exorcismo a Clara.

DANIEL

Ese home está tolo... Pensa que estamos na Idade Media.

ANDRÉS

(*Nega*)

Non se trabuque. Sabe moi ben o que quere, e non dubidará en utilizar a Clara para conseguilo.

DANIEL

Daquela, isto é un xogo para el?

ANDRÉS

Un do que depende o Hospital Real e a vida da miña filla.

SEBASTIÁN

Temos que demostrar que a súa recuperación se debeu estritamente a causas científicas.

CRISTÓBAL

E como facemos iso?

SEBASTIÁN

Reconstruíndo os acontecementos, paso por paso.

DANIEL

Que pretende, administrarlle unha sobredose de estramonio a un suxeito de estudo?

CRISTÓBAL

(Escéptico)

Quen se vai presentar voluntario para algo así, habendo perigo de morte...

CRISTÓBAL decátase de que SEBASTIÁN o mira en fite.

CRISTÓBAL (CONT.)

(Asustado)

Que foi?

SEBASTIÁN

Estaba pensando nas súas ras.

CRISTÓBAL

Será unha broma...

DANIEL

É unha boa alternativa. A única que temos, en realidade.

CRISTÓBAL

É unha tolemia!

ANDRÉS

Quere dicir que non se pode facer?

CRISTÓBAL

Non! Si! O que quero dicir é que non teño nin a máis mínima idea.

SEBASTIÁN

Somos conscientes de que a fisioloxía dunha ra non é como a dunha persoa, licenciado...

CRISTÓBAL

Menos mal, por fin un pouco de sentido común.

SEBASTIÁN

... Pero atopámonos nunha situación desesperada.

CRISTÓBAL míraos, atónito. Decátase de que non ten saída e asente.

CRISTÓBAL

Está ben. Pero non podoo garantir nada. Compréndeno?

ANDRÉS

Fágome cargo. Por favor, inicie o procedemento canto antes.

ANDRÉS marcha. SEBASTIÁN dispónse a seguilo.

SEBASTIÁN

Confiamos en vostede.

CRISTÓBAL

Estupendo... Alguén ten que facelo.

DANIEL queda con CRISTÓBAL.

DANIEL

Podoo axudar en algo?

CRISTÓBAL sopra, superado e sen saber por onde comezar.

CRISTÓBAL

Sabes facer milagres?

10.05. INT. HOSPITAL/CORREDOR - DÍA (DÍA 1º)

IRENE, OLALLA

IRENE crúzase no corredor con OLALLA, que leva uns lenzos á sala de operacións.

OLALLA

Bo dia, dona Irene.

IRENE trae mala cara. Non pegou ollo debido ó temor de estar embarazada.

IRENE

Sabe se don Andrés está libre?

OLALLA nega.

OLALLA

Está reunido co fiscal inquisidor,
polo asunto da señorita Osorio.

(Corríxese)

De dona Clara.

IRENE

Entendo...

OLALLA

Quere que o avise?

IRENE

Non, déixeo estar. Non debemos
importunalo nestes momentos.

OLALLA decátase de que IRENE non está ben.

OLALLA

Atópase ben? Quere que lle traia
algo de beber?

IRENE

Grazas, non será necesario.

OLALLA

Pode descansar un momento na sala
de Santa Isabel, se o precisa...

IRENE

(Sorrí)

É vostede moi amable, pero teño que
marchar. Deica logo...

OLALLA

Que teña un bo día...

IRENE marcha. OLALLA continúa o seu camiño.

10.06. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 1º)

GASPAR, BERNARDO, ANDRÉS, SEBASTIÁN

ANDRÉS e SEBASTIÁN fan unha demostración do experimento co que pretenden mostrar que a recuperación de Clara foi un feito científico.

Diante deles hai unha ra, aparentemente morta, metida nunha caixa cunha pechadura e buracos para a entrada de aire.

GASPAR

(*Atónito*)

Esta é a súa proba concluínte? Unha ra morta?

ANDRÉS

Non está morta. É precisamente o que pretendemos demostrar.

SEBASTIÁN

Despois de aplicarlle a sobredose de estramonio, o suxeito de estudo entrou nun estado de letargo. Se todo se desenvolve segundo o previsto, mañá estará completamente recuperado.

BERNARDO

(*Preocupado*)

E se non o está?

ANDRÉS

Confiemos en que sexa así.

GASPAR

E como sei que a ra vai ser a mesma?

SEBASTIÁN

Para iso está a chave. Onde a metín...?

SEBASTIÁN busca no peto e saca unha chave. Entrégalla a GASPAR.

SEBASTIÁN (CONT.)

Pode quedar con ela.

GASPAR

Isto é moi irregular...

BERNARDO

Un caso insólito require medidas insólitas... Non lle parece, reverendo?

Todos miran a GASPAR, agardando a súa resolución.

GASPAR
(Con fastío)
Está ben. Sigamos adiante con esta pantomima.

SEPARATA 10.07 - (10/03/15)

10.07. INT. HOSPITAL/BOTICA - DÍA (DÍA 1º)

DANIEL, CRISTÓBAL

Conversa iniciada. CRISTÓBAL está agoniado polo experimento do estramonio. DANIEL escóitao, paciente.

CRISTÓBAL
(...) Vai ti saber se acertei coa dose adecuada... Como calcular algo así? É unha maldita ra!

DANIEL
Seino.

CRISTÓBAL
E se non funciona? E se lle pasa algo a Clara pola miña culpa?

DANIEL
Tranquilo, todo vai saír ben.

CRISTÓBAL
Intentas convencerme a min ou a ti mesmo?

DANIEL
(Triste)
Ós dous, supoño.

CRISTÓBAL decátase de que DANIEL está aínda peor ca el: pasou por moito nos últimos días.

CRISTÓBAL
Tés razón: funcionará.

DANIEL asente, preocupado.

CRISTÓBAL (CONT.)
Que vas facer con Clara?

DANIEL
Non o sei. Aínda non me fixen á idea de que sexa a miña muller.

CRISTÓBAL

Sabes que podes anulalo, non? Se
aínda non te deitaches con ela...

DANIEL recrimínalle coa mirada o comentario.

CRISTÓBAL (CONT.)

Por suposto que non. Perdoa.

DANIEL

Non podo deixala despois de todo o
que pasou. A vida deunos unha
segunda oportunidade, e desta vez
penso facelo ben.

CRISTÓBAL

E que pasa con Olalla?

DANIEL

Intentarei deixar de querela. Se
cadra, co tempo é máis sinxelo.

CRISTÓBAL dálle unha palmada nas costas.

CRISTÓBAL

Boa sorte con iso...

10.08. INT. PAZO/SALÓN - DÍA (DÍA 1º)

IRENE, ELVIRA

ELVIRA sírvelle o té a IRENE. Conversa iniciada.

ELVIRA

Desculpe que sexa eu mesma a que
lle sirva. A pobre Aurora non dá
abasto.

IRENE

Non pasa nada...

ELVIRA

Espero que don Andrés cumpra a súa
palabra e nos entregue a dote
pronto. Xa non ten escusa...

IRENE nega, absorta nos seus pensamentos.

ELVIRA (CONT.)

Sucedede algo?

IRENE

Non, nada...

ELVIRA

Querida... Xa sabe que pode confiar en min.

IRENE dubida, pero finalmente decídese a contarllo.

IRENE

Creo... Temo estar embarazada.

ELVIRA non agardaba iso. Vese obrigada a disimular o seu desconcerto.

ELVIRA

Vaia...

Bebe. É unha estratexia para facer tempo e pensar como resolver a situación.

ELVIRA (CONT.)

(Normal)

E cal é o problema?

IRENE

(Sorprendida)

Como di?

ELVIRA

Entendo que é de Leopoldo...

IRENE

(Ofendida)

Por suposto. De quen, se non?

ELVIRA

Pois non sei que ten que pensar. Non hai discusión posible: non pode ter ese fillo.

IRENE

(Atónita)

Está suxerindo...? Como pensa que eu faría algo así?

ELVIRA

Non lle queda outra, querida... Ese embarazo acabará con vostede. Terá que despedirse do negocio que tanto lle custou sacar adiante, da súa reputación, da súa vida tal e como a coñece... E todo polo fillo dun home que odia. O recordo constante dunha violación.

IRENE

*(Afectada polas súas
palabras)*

Sempre podo entregalo...

ELVIRA

Vostede sabe cal é o futuro dun orfo? É máis piadoso desfacerse del agora.

IRENE

Basta, por favor... Non diga iso.

ELVIRA

E que pensa que dirá a xente? Unha muller soa, embarazada! Hai un nome para iso, e non creo que lle guste escoitalo pola rúa cando saia a pasear co seu bastardo.

IRENE

(Érguese)

Abonda, dona Irene!

*(Recollendo as súas
cousas)*

Non debín contarlle nada.

ELVIRA

Pois eu alégrome de que o fixera. Coñezo a unha muller, moi discreta, que se encarga de solucionar problemas como o seu. Dareille a dirección da súa tenda.

IRENE

Escusa facelo. Bo día, dona Elvira.

IRENE marcha. ELVIRA queda amolada.

10.09. INT. HOSPITAL/CORREDOR - DÍA (DÍA 1º)

BERNARDO, ANDRÉS

ANDRÉS aproveita a soidade para ler unha nota.

Texto da nota: "Veña verme axiña. Flora".

ANDRÉS gárdaa no peto e dispónse a marchar. BERNARDO intercétalo.

BERNARDO

Don Andrés, agarde...

ANDRÉS

Agora teño que marchar, padre.
Falamos á miña volta.

BERNARDO adiántao e obrígalle a deterse.

BERNARDO

É cousa dun momento... Por favor...

ANDRÉS, resignado, acepta non de moi bo grado.

ANDRÉS

A ver... Que quere?

BERNARDO

Volver examinar o testamento do
padre Damián.

ANDRÉS

(Estrañado)

A conto de que?

BERNARDO

(Disimulando)

Non é nada... Só quero volver a
comprobalo. Impórtalle?

ANDRÉS

Pídalle ó meu secretario que lle
abra a caixa forte.

BERNARDO

Grazas.

ANDRÉS

A vostede, por apoiarme ante o
inquisidor Somoza.

BERNARDO

Iso non vai a ningures... É obvio
que foi algunha clase de
envenenamento.

ANDRÉS mírao preguntándose daquela por que o fan. BERNARDO
entende a mirada.

BERNARDO (CONT.)

Pero vai ser difícil convencelo. É
moi rigoroso.

ANDRÉS asente serio.

ANDRÉS

Non o saque do meu despacho. O
testamento...

BERNARDO

Si, si, claro... Por suposto.

ANDRÉS marcha.

ANDRÉS

Adeus, padre.

10.10. EXT. HOSPITAL/HORTA - DÍA (DÍA 1º)

DANIEL, CLARA

CLARA está tomando o aire da horta. Empeza a facer bo tempo (suponse que xa están en primavera) e goza de estar viva "outra vez". Colle unha flor e úlea. DANIEL achégase para falar con ela.

DANIEL (O.S.)

Ola...

CLARA dá volta e sorrí.

CLARA

Ola...

DANIEL

Estás ben? Tes frío?

CLARA

Non... Estou ben, grazas.

DANIEL

Clara, quería falar contigo.

(Suspira)

É un asunto delicado...

CLARA

Fala sen medo, por favor.

DANIEL

(Sen mirala)

Aínda que non lembres nada, hai dúas noites ti é máis eu casamos.

CLARA

(Perplexa)

Que?

DANIEL míraa agora.

DANIEL
Foi un matrimonio "in Articulo
Mortis" a petición túa e...

CLARA
(Avergoñada)
Eu non... Perdoa...

CLARA está a piques de dar volta e marchar, pero DANIEL agárraa polo brazo.

DANIEL
Non. Escoita... Non tes nada de que avergoñarte.

CLARA
(Tapando a cara coas mans)
Meu Deus... Gustaríame esvaecerme neste momento.

DANIEL apártalle as mans da cara, quedando collidos das mans.

DANIEL
Clara, escoita: fíxenche unha promesa e penso respectala.

CLARA
Pero eu non era...

DANIEL
Mesmo nesas circunstancias. O matrimonio é válido e a promesa que eu fixen, tamén.

CLARA solta a man de DANIEL.

CLARA
Pero ti non me queres.

DANIEL fai un xesto de tristura.

DANIEL
Aínda non... Pero vou facer todo o posible para que sexas feliz.

10.11. EXT. XARDÍN - DÍA (DÍA 1º)

ANDRÉS, FLORA, LAURA

ANDRÉS comproba que a súa muller LAURA está sa e salva.

ANDRÉS
Laura, meu amor...

LAURA

*(Como se tivera estado con
el hai unhas horas)*

Ah, Andrés... Xa estas de volta?
Menos mal. Flora e mais eu íamos
tomar un chocolate. Préstache?

ANDRÉS vai canda ela e bícaa. LAURA, collida por sorpresa e
azorada, desfaise del afastándoo.

LAURA (CONT.)

(Molesta)

Por favor... Que modais son eses?
Non ves que está o servizo
diante... Fai o favor de
comportarte.

ANDRÉS sorrí polos escrúpulos da súa muller.

LAURA (CONT.)

Flora, prepare unha cunca para o
señor.

FLORA

Claro, señora.

FLORA vai marchar, pero ANDRÉS sáelle ó paso facendo un
aparte con ela.

ANDRÉS

Flora...

FLORA

Diga, don Andrés.

ANDRÉS

(Por Laura)

Quen a trouxo?

FLORA, nerviosa, minte. Agora traballa para Úrsula.

FLORA

Non o sei. Chamaron á porta e cando
fun abrir, a señora estaba soa e
tiña unha carta na man.

ANDRÉS

Unha carta?

FLORA

Si...

FLORA remexe no peto e saca unha carta que entrega a ANDRÉS.

FLORA (CONT.)

Tome.

ANDRÉS le a carta (non ten que verse todo o texto).

Texto: "Sei que a muller que vive nesta casa é a súa esposa, quen supostamente está morta desde hai un ano. Se non quere verse envolto nun escándalo e que toda a cidade saiba da súa mentira, deixe 1000 ducados baixo a árbore que hai preto da igrexa de San Pedro".

LAURA (O.S.)

Andrés...

ANDRÉS deixa de ler.

LAURA (CONT.)

Ven canda min, querido...

ANDRÉS garda a nota e disimulando volve con LAURA.

ANDRÉS

Xa vou...

LAURA

Fálame da facenda que imos mercar nas Américas...

10.12. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 1º)

BERNARDO

BERNARDO está sentado á mesa do administrador, co testamento do padre Damián e unha das cartas que lle escribiu o anterior capelán maior do Hospital Real.

Compara a caligrafía e as firmas cunha lupa. A letra parece semellante, pero non igual.

BERNARDO

(Para el)

Non sei...

Volve examinar as letras. Non está convencido. Fíxase no nome do escribán que actuou como testemuña do testamento: don Xosé María López Sánchez. BERNARDO semella interesado no dato.

BERNARDO (CONT.)

Xosé María López Sánchez.

Colle un papel e copia o seu nome *(vai falar con el, en off, para confirmar a autenticidade do testamento)*.

10.13. INT. HOSPITAL/ENFERMERÍA - DÍA (DÍA 1º)

DANIEL, SEBASTIÁN, ANÍBAL, FIGURACIÓN (ENFERMEIRA 1, PACIENTES)

DANIEL e SEBASTIÁN van falando de camiño a unha cama, diante da que agarda a ENFERMEIRA 1.

DANIEL

Cre que a ra espertará?

SEBASTIÁN

Non o sei... Agardemos que sexa verdade iso de que a sorte favorece ós valentes.

(Á enfermeira)

A ver que temos aquí...

A enfermeira abre a cortina, deixando á vista ó paciente que teñen que examinar nese momento. SEBASTIÁN queda paralizado ó ver a ANÍBAL.

SEBASTIÁN (CONT.)

Aníbal...

ANÍBAL

Ola, doutor Devesa... Ou podo chamarte Sebastián?

SEBASTIÁN está descolocado.

SEBASTIÁN

Podes.

DANIEL

(Sorpresa)

Coñécense?

SEBASTIÁN

Somos vellos amigos, pero hai moitos anos que non nos víamos.

ANÍBAL

(Cun sorriso triste)

Demasiados...

SEBASTIÁN

Que che ocorre?

ANÍBAL

Onte comecei a sentir mareos e a ter moita dor aquí...

Sinala o abdome.

ANÍBAL (CONT.)

Pasei toda a noite vomitando.
Asusteime cando vin que estaba a
botar sangue.

SEBASTIÁN tócalle a fronte. Cada vez está mais serio.

SEBASTIÁN

Tes algo de febre. Dóече moito?

ANÍBAL

Abondo. Especialmente cando tuso ou
vomito.

SEBASTIÁN

Déixame ver...

SEBASTIÁN comeza a exploralo coas mans premendo diversas
zonas en busca dos puntos de dor.

SEBASTIÁN (CONT.)

Está moi ríxido...

ANÍBAL dóese.

SEBASTIÁN (CONT.)

Desculpa...

ANÍBAL

Non importa.
(Láíase)
Aaah...

SEBASTIÁN

Xa remato.

ANÍBAL respira aliviado.

ANÍBAL

Menos mal... Dóeme moito.

SEBASTIÁN e DANIEL míranse, preocupados.

ANÍBAL (CONT.)

Que é?

DANIEL agarda que SEBASTIÁN lle diga algo ó paciente, pero en
cambio fálalle a el.

SEBASTIÁN

Doutor, veña comigo un momento.
(A Aníbal)
Agora volvemos.

SEBASTIÁN sae fóra. DANIEL, estrañado, ségueo.

10.14. EXT. HOSPITAL/CLAUSTRO - DÍA (DÍA 1º)

DANIEL, SEBASTIÁN

Nota: o "cólico miserere" é un termo que se refire a unha serie de enfermidades intestinais, entre elas a apendicite aguda e a peritonite, que eran mortais naquela época (non se operaba o abdome por medo ás infeccións). O nome ven do salmo "Miserere Mei" (Ten misericordia de min), que Alicia reza na secuencia 10.43.

SEBASTIÁN e DANIEL saen ó claustro. SEBASTIÁN está afectado. Négase a aceptar o diagnóstico.

DANIEL
Dígame... Que sucede?

SEBASTIÁN
(Serio, case fúnebre)
Sabe o que ten?

DANIEL
(Sen comprender)
Parece bastante claro... Seguro que vostede xa--

SEBASTIÁN
(Interrompe)
Déame o seu diagnóstico.

DANIEL
(Estrañado)
Inflamación repentina, vómitos,
febre...
(Consciente da gravidade)
Eu diría que é un cólico miserere.
(Pausa)
Pero iso xa o sabía vostede.

SEBASTIÁN asente, triste.

DANIEL (CONT.)
Non se pode facer nada?

SEBASTIÁN
Nada... Absolutamente nada.
(Pausa)
Nin sequera sabemos que é o que o
causa.

SEBASTIÁN frega a fronte coas dous mans mentres suspira fondo con desesperación.

DANIEL

E se practicamos unha incisión para aliviar o abdome?

SEBASTIÁN

So conseguirá que se desangre. Ou, peor, causaralle unha infección. Non podemos salvalo.

DANIEL

Din que é unha morte moi dolorosa.

SEBASTIÁN asente sen miralo.

DANIEL (CONT.)

Que quere facer?

SEBASTIÁN

Fale co boticario. Que prepare láudano para tentar rebaixarlle a dor.

DANIEL

De acordo.

(Referíndose ó enfermo)

Vaillo dicir agora?

SEBASTIÁN

Non. Vaillo dicir vostede.

DANIEL

Que?

SEBASTIÁN

Xa me escoitou.

DANIEL

Pero eu... Por que?

SEBASTIÁN

Non me faga repetirllo.

SEBASTIÁN marcha en dirección contraria á enfermería deixando só a DANIEL, que queda un segundo mirando como marcha, sen terminar de entender que sucede.

10.15. INT. PAZO/SALÓN - DÍA (DÍA 1º)

REBECA, ELVIRA

REBECA está preparándose para ir ver a Rodrigo. Os signos do ataque que sufriu por parte de Pedro aínda son evidentes. Tócase a cara e dóese.

REBECA

Aaah...

Con coidado, tenta disimular os golpes con pos: non quere que Rodrigo se decate do que pasou.

ELVIRA (O.S.)

Vas ter que botar moito po para agochar esas feridas, querida.

REBECA xira a cabeza e descubre á súa nai, que acaba de chegar da rúa. ELVIRA quita o abrigo mentres fala coa filla.

REBECA

Acaso impórtache?

ELVIRA vai canda ela.

ELVIRA

(*Cínica*)

Din que do odio ó amor hai un paso. Deberías aledarte. Á vista está que o teu matrimonio está mellorando.

REBECA

Non tes graza.

ELVIRA

Para o rubor das meixelas non vas precisar botar nada: vese perfectamente.

ELVIRA tócalle. A REBECA dóelle, pero tenta disimular afastándolle a man.

REBECA

Para!

ELVIRA

(*Sorrí*)

Doe...? Seica Pedro espertou do seu letargo e decidiu meterte en cintura.

REBECA

Non vai conseguir nada.

ELVIRA

De momento xa foi quen de facer que quedes na casa...

REBECA non entende.

ELVIRA (CONT.)

Ou pensabas saír á rúa con esa
pinta...?

(Decatándose de que si)

Estás tola. Que cres que vai dicir
o teu querido capitán cando te vexa
así?

REBECA pousa a borla coa que se estaba a aplicar os
cosméticos.

ELVIRA (CONT.)

(Sorprendida)

En serio pensabas que non se ía
decatar... Polo máis sagrado,
Rebeca, non hai máis que verte para
adiviñar o que pasou.

REBECA deixa as cousas de mala gana sobre a mesa. Sabe que a
súa nai ten razón.

ELVIRA (CONT.)

Se queres un consello, deberías
quedar na casa ata que o teu
aspecto mellore. Bastantes
escándalos levamos xa...

REBECA

(Amolada)

Iso é o que buscabas? Que quedara
na casa...

ELVIRA

Eu? Que gaño eu con todo isto?

REBECA non ten resposta.

ELVIRA (CONT.)

Por min podes saír agora mesmo pola
porta... Vai se queres. Ninguén cho
impide.

REBECA dubida durante un instante e, finalmente, marcha cara
o interior da casa. ELVIRA sorrí.

10.16. EXT. HOSPITAL/FACHADA (CROMA) - DÍA (DÍA 1º)

ANDRÉS, PORTEIRO 1

ANDRÉS volve ó hospital, preocupado pola chantaxe á que se ve
sometido.

ANDRÉS

Bos días...

PORTEIRO 1

Agarde, don Andrés, trouxeron isto para vostede hai pouco.

O PORTEIRO 1 entrégalle unha carta.

ANDRÉS

Deixaron recado?

PORTEIRO 1

Non... Só dixeron que era de parte do Intendente. Máis nada.

ANDRÉS ábrea de inmediato. Le. O contido semella preocupante.

10.17. EXT. HOSPITAL/CLAUSTRO - DÍA (DÍA 1º)

OLALLA, RODRIGO, ANDRÉS

OLALLA e RODRIGO pasean polo claustro.

OLALLA

Está molesto comigo?

RODRIGO

Por que habería de estalo?

OLALLA

Onte puxen en perigo a Rosalía, a vostede e a min mesma. E total, para nada.

RODRIGO

Non aprobo o que fixo, pero non estou molesto, senón preocupado.

OLALLA

Pensa que aínda podemos axudar a Bernal?

RODRIGO ve chegar a ANDRÉS, que se achega a eles con cara de preocupación.

RODRIGO

Paréceme que xa é demasiado tarde.

OLALLA

Don Andrés! Sábese algo do soldado Salcedo?

ANDRÉS

(Serio)

Aforcárono esta mañá a primeira hora.

OLALLA queda sen palabras, afectada. RODRIGO decátase de que non é o única mala noticia que trae o administrador.

RODRIGO

Hai algo máis.

ANDRÉS asente.

ANDRÉS

A comandancia sospeita que vostede tivo algo que ver co intento de fuga.

OLALLA

Pero el non fixo nada!

ANDRÉS

Iso tanto ten. Queren dar exemplo.

RODRIGO

Cal é o meu castigo?

ANDRÉS

Baquetas. O propio Intendente deu a orde.

RODRIGO

Entendo...

OLALLA

Eu non. Que é iso das baquetas?

RODRIGO intercambia unha mirada con ANDRÉS para que non diga nada.

RODRIGO

Algo polo que non quero que se preocupe.

ANDRÉS

(A Rodrigo)

Podo intentar atrasalo uns días.

RODRIGO

Grazas, pero non hai motivo.

ANDRÉS

Síntoo.

ANDRÉS marcha. OLALLA está ansiosa por saber o que sucede.

OLALLA
Por favor, capitán... Que lle van
facer?

RODRIGO intenta sorrir e continúa camiñando. OLALLA queda
aínda máis preocupada.

10.18. INT. HOSPITAL/ENFERMERÍA - DÍA (DÍA 1º)

DANIEL, ANÍBAL, ÚRSULA, FIGURACIÓN (PACIENTES)

DANIEL achégase con xesto serio ata a cama de ANÍBAL. Este
sorpréndese de que veña só.

ANÍBAL
E Sebastián?

A DANIEL incomódalle mentir.

DANIEL
Tivo que atender unha urxencia.

ANÍBAL decátase de que é unha escusa.

ANÍBAL
Xa...
(Comprende)
Vou morrer, verdade?

DANIEL asente.

DANIEL
Síntoo.

ANÍBAL
Canto tempo me queda?

DANIEL
Non sabería dicirlle... Cada caso é
diferente.

ANÍBAL
Canto, doutor?

DANIEL
Unhas horas. Como moito, un día.

ANÍBAL
(Asimilándoo)
Vai ser unha mala morte?

DANIEL non sabe que dicir. Ó velo dubidar, Aníbal adviña o seu destino.

ANÍBAL (CONT.)

Tanto, eh?

DANIEL

O máis seguro é que perda o sentido antes de morrer.

ANÍBAL

E ata entón?

DANIEL

Non vai ser agradable. Dor aguda, febre alta...

(Cústalle dicilo)

Acabará por vomitar os seus propios excrementos.

ANÍBAL

Deus santo...

DANIEL

Imos darlle láudano para controlar a dor.

ANÍBAL

Gustaríame falar con Sebastián antes de morrer, se pode ser.

A petición sorprende a DANIEL.

DANIEL

Farei o que poida.

ANÍBAL

Grazas. Podería conseguirme material para escribir?

DANIEL

Por descontado.

DANIEL vai cara o escritorio da irmá ÚRSULA.

DANIEL (CONT.)

O paciente da cama tres precisa material para escribir. Asegúrese de que o recibe.

ÚRSULA

Si, doutor.

DANIEL

Déanlle láudano para a dor e soro de mel para controlar os vómitos.

ÚRSULA

Non debería ocuparse do tratamento o doutor Devesa?

DANIEL

(Entre dentes, amolado con Sebastián)

Debería...

Xusto antes de que DANIEL marche, ÚRSULA decátase de que á súa chaqueta/camisa fáltalle un botón de puño ou similar (o que ela atopou no cuarto das enfermeiras).

A monxa sospeita o que significa: DANIEL estivo no cuarto con Olalla. ÚRSULA non di nada, pero quédase co detalle.

DANIEL (CONT.)

Quero que o paciente estea atendido en todo momento. Xa que non podemos salvarlle a vida, intentemos polo menos aliviar un pouco o seu sufrimento.

ÚRSULA

Por suposto, doutor...

DANIEL marcha.

10.19. INT. HOSPITAL/CONSULTA - DÍA (DÍA 1º)

SEBASTIÁN

O reencontro con Aníbal e o non poder facer nada por salvarlle a vida é un duro golpe para SEBASTIÁN, que saca unha botella de licor que ten agachada nalgún lugar da consulta. Bebe, agoniado.

Busca un libro no estante, intentando atopar unha solución para a doenza de Aníbal. Pero sabe que non a hai. Pecha o libro, frustrado, e acaba por marchar.

PASO A NOITE.

10.20. INT. HOSPITAL/CUARTO - NOITE (DÍA 1º)

OLALLA, ROSALÍA, DANIEL

OLALLA e ROSALÍA están metidas en cama. Conversa iniciada.

ROSALÍA
Pero entón que lle van facer?

OLALLA
Non o sei. E o capitán non quixo dicirmo.

ROSALÍA
Ui, daquela é algo malo...

OLALLA
(Alarmada)
Ti cres?

ROSALÍA decátase de que meteu a zoca e intenta tranquilizala.

ROSALÍA
Muller, non sei... Moito non lle poden facer, aínda está convalecente.

OLALLA
Tés razón. Seguro que non é para tanto.

Chaman á porta.

OLALLA (CONT.)
Si?

DANIEL (O.S.)
Daniel.

OLALLA
Un momento!

OLALLA sae da cama, colle unha candeia e vai abrir a porta.

DANIEL
Podemos falar?

OLALLA asente.

ROSALÍA
Mellor marchó.

OLALLA
Non, déixate estar.

OLALLA colle un chal e pono sobre os ombros.

OLALLA (CONT.)
Agora volvo.

OLALLA sae ó corredor con DANIEL.

10.21. INT. HOSPITAL/CORREDOR - NOITE (DÍA 1º)

DANIEL, OLALLA, ÚRSULA

DANIEL e OLALLA están de pé, en silencio.

Os dous saben que a recuperación de Clara supón o fin da súa relación, pero non son capaces de dicilo en voz alta. En canto teñan esta conversa, todo acabará, e intentan atrasar ese momento.

OLALLA
(Logo dun tempo)
Algún dos dous vai ter que falar
antes ou despois...

DANIEL sorrí, triste.

DANIEL
Síntoo moito, Olalla.

OLALLA faise a forte, pero está moi afectada.

OLALLA
Así é como ten que ser. É a
decisión correcta.

DANIEL recorre coas mans a súa cara, como se intentase memorizar os seus trazos.

DANIEL
Non quero que nos convertamos en
dous descoñecidos. Que nos crucemos
cada día como se todo o que vivimos
non tivese significado nada.

OLALLA
Iso non vai pasar: seremos amigos.
Os mellores.

DANIEL
(Incrédulo)
É posible?

OLALLA
Todo é posible, Daniel. Aínda non
te decataches? Vivimos tempos
extraordinarios.

DANIEL

(Asente)

Os reis perden a cabeza...

OLALLA

As mozas de aldea chegan a ser
enfermeiras do Hospital Real...

DANIEL

E mesmo os mortos resucitan.

Quedan calados un momento ante a mención a Clara.

DANIEL (CONT.)

Voute querer toda a miña vida,
Olalla.

OLALLA

E eu a ti.

Sepáranse para sempre cunha aperta moi sentida. Ambos sábense
víctimas dun destino cruel e inxusto.

Cando están abrazados, ÚRSULA aparece no outro extremo do
corredor. Leva un apagador metálico na man (está apagando as
candeas do hospital).

Ve a DANIEL e a OLALLA abrazados e marcha antes de que a
vexan a ela.

10.22. INT. HOSPITAL/ENFERMERÍA - DÍA (DÍA 1º)

ANÍBAL, FIGURACIÓN (PACIENTES)

Con gran dificultade debido á dor que ten, ANÍBAL escríbelle
unha carta a Sebastián.

Texto da carta:

"Benquerido amigo:

*Cando leas isto, estarei morto. E comigo morrerá o noso amor
de portas pechadas e momentos roubados.*

*Desaparecerán a vergoña e o sentimento de culpa, o medo a ser
descubertos, o pecado, as recriminacións e a covardía. A túa,
por decidir afastarte de min; a miña, por permitircho.*

*Cesará por fin este anhelo de verte que me perseguíu durante
tódolos días da miña vida. Unha vida que nos arrebataron a
enfermidade e a incompreensión, e que deixou de ter sentido o
día en que ti desapareciches dela.*

Sempre teu, A."

ANÍBAL sofre unha punzada de dor e deixa a un lado o material de escribir.

Nota: tendo en conta o estado no que se atopa Aníbal, a caligrafía non debería ser perfecta. Estaría ben que tivese borranchos, e que a firma non estivese rematada.

Nun episodio futuro, cando Sebastián le a carta, escóitase a voz en off de Aníbal.

PASO DE DÍA.

Nota: propoñemos dúas alternativas para a secuencia 10.23, segundo conveñan máis a produción.

10.23 (1). EXT. HOSPITAL/CLAUSTRO - DÍA (DÍA 2º)

RODRIGO, OLALLA, ANDRÉS

OLALLA vai cargada cunha cesta de roupa para tender. Queda parada ó ver saír da enfermería a ANDRÉS e a RODRIGO.

O capitán leva posto o seu uniforme. OLALLA decátase de que se dispón a cumprir o castigo de baquetas.

ANDRÉS

Seguro que non quere que o acompañe?

RODRIGO

Cantas menos testemuñas haxa da miña humillación, mellor.

OLALLA e RODRIGO intercambian unha mirada. El faille un xesto para que non se preocupe. OLALLA intenta sorrir, facéndose a forte.

ANDRÉS

(Apremiándoo)

Capitán... É a hora.

RODRIGO

Por suposto.

RODRIGO e ANDRÉS marchan. OLALLA, afectada, ten que sentar un momento nun dos bancos do claustro.

10.23 (2). EXT. HOSPITAL/HORTA - DÍA (DÍA 2º)

RODRIGO, FIGURACIÓN (SOLDADOS)

Nota: esta secuencia tamén podería gravarse no set de "Sala de Agonizantes".

RODRIGO fai fronte ó castigo de baquetas por participar na fuga do soldado Salcedo.

A peito descuberto, atravesa un corredor de soldados que lle baten con varas de madeira (as baquetas coas que se arman os fusís).

Aguanta estoicamente os primeiros golpes, pero antes de chegar ó final do corredor non pode evitar caer.

Os soldados agardan a que se levante. RODRIGO consegue facelo e seguir adiante.

10.24. INT. HOSPITAL/CORREDOR - DÍA (DÍA 2º)

DANIEL, DUARTE

DANIEL, agoniado, aborda a DUARTE no corredor.

DANIEL
Duarte! Viches ó doutor Devesa?

DUARTE nega.

DANIEL (CONT.)
Onde raio se meteu ese home?
(Pensa)
Será mellor que o atopemos antes de
que don Andrés descubra que
desapareceu o seu cirurxián xefe.
Avísame se sabes algo del.

DUARTE asente. Marchan en direccións diferentes.

10.25. INT. SANTO OFICIO - DÍA (DÍA 2º)

GASPAR, BERNARDO

BERNARDO bica o anel de GASPAR.

GASPAR
Fíxeno chamar porque estou a notar
unha evidente fraqueza de espírito
en vostede.

BERNARDO
Ilustrísimo Reverendo, se o di polo
sucedido no hospital...

GASPAR

Estou comezando a cansar de lembrarlle cal é a súa posición nesa institución, e a quen debe gardarlle lealdade e obediencia.

BERNARDO

Descúlpeme, reverendo.

GASPAR

Por outra banda, todo ese asunto da ra é ridículo.

BERNARDO

Co debido respecto... Concordará comigo en que é evidente que a resurrección, por así chamala, da filla do administrador é cousa da súa medicación, non da intervención do maligno.

GASPAR

Padre Bernardo, vostede non entende ou non quere entender? Todo ese asunto dáme igual... Só me interesa debilitar ó meu adversario.

BERNARDO

Eu só quería...

GASPAR ergue unha man. BERNARDO cala.

GASPAR

Pense ben nisto: se eu perdo a fe en vostede; o menos que vai perder vostede é o seu posto.

BERNARDO

Agradezo a súa paciencia, reverendo. Non o esqueceréi.

GASPAR

Polo seu ben así o espero. Pode retirarse.

BERNARDO

Antes de marchar quería comentarlle unha cousa... É sobre o testamento do Padre Damián.

GASPAR faille un aceno para que continúe e vai sentar.

BERNARDO (CONT.)

Tiven oportunidade de volver examinalo e fun falar co escribán que o asinou. Casualmente gardaba unha copia no seu despacho.

GASPAR

É o normal nestes casos.

BERNARDO saca o documento dun peto e dállo.

BERNARDO

Aquí o ten.

GASPAR le.

BERNARDO (CONT.)

A herdeira universal é Olalla Taboada, a súa afillada. Unha aprendiz de enfermeira do Hospital Real.

GASPAR pecha o documento, pero queda con el.

GASPAR

E que quere facer con isto?

BERNARDO

(Estrañado)

Deberíamos dicir a verdade e facer xustiza coa moza.

GASPAR

A quen beneficia que os bens do padre Damián acabaran en mans dos Dominicanos?

BERNARDO

Non teño a menor idea. Desde logo a ningún antigo Xesuíta.

GASPAR

(Co papel dobrado na man)

Quen máis está ó tanto disto?

BERNARDO

Ninguén.

GASPAR gárdao.

GASPAR

Pois que siga sendo así. De momento, imos falar cos Padres Dominicanos.

PASO DE TEMPO.**10.26. EXT. RÚAS SANTIAGO - DÍA (DÍA 2º)***ANDRÉS*

ANDRÉS chega ó punto que lle indicaron na nota de chantaxe. Asegúrase de que ninguén o ve e agacha os cartos baixo unha pedra a carón da árbore.

10.27. INT. HOSPITAL/ENFERMERÍA - DÍA (DÍA 2º)*RODRIGO, OLALLA, ELVIRA, FIGURACIÓN (PACIENTES)*

OLALLA está a facerlle as curas a RODRIGO despois do castigo de baquetas. O capitán está deitado boca abaixo e cheo de golpes nas costas.

OLALLA

Así que isto é o castigo de baquetas...

RODRIGO

Comprenderá agora por que non quería dicirllo.

OLALLA

Non sabe como o lamento.

RODRIGO

Non ten por que.

OLALLA

Ten o lombo desfeito...

RODRIGO

Foi o meu orgullo o que levou a peor parte.

RODRIGO afoga unha punzada de dor. OLALLA retira a man.

OLALLA

Perdón...

RODRIGO

Non se preocupe... Sei de sobra que non hai moito que facerlle...

OLALLA

Emplastos e descanso foi o que dixeron os doutores.

RODRIGO volve sentir outra punzada de dor.

OLALLA (CONT.)

É completamente inxusto. Vostede non fixo nada.

RODRIGO

Obriguei ó vixiante a tomar a sopa co láudano. Sorte que non rematei diante do pelotón de execución.

OLALLA

Non ten senso ningún. Eles non podían probar que vostede o sabía.

RODRIGO

Olalla, a estas alturas xa debería saber que o exército non precisa probas, só sospeitas. E no meu caso eran máis ca fundadas. Déixeo estar... Todos fixemos o que debíamos facer.

Nese momento chega ELVIRA. Durante a conversa mantén unha falsa actitude de dor polo que lle pasou a Rebeca.

ELVIRA

Non agardaba atopalo deste xeito.
(*Con desprezo*)
Está claro que vostede e a miña filla están feitos o un para o outro.

O comentario pon en alerta a RODRIGO.

RODRIGO

Que fai aquí?

ELVIRA

Vin informalo de algo, aínda que non por gusto.

OLALLA

Co seu permiso, eu marcho.

RODRIGO

(*Cortés*)
Non é necesario. A señora vai marchar de contado.

ELVIRA

(*Desafiante*)
Está seguro de que quere que ela escoite o que teño que dicirlle?
(MÁIS)

ELVIRA (CONT.)

(Digna)

Como vostede queira...

OLALLA decátase de que se aproxima tormenta e prefire evitala.

OLALLA

Non se preocupe por min. Volverei máis tarde. Déixese estar así...

OLALLA marcha.

RODRIGO

Explique dunha vez a que veu.
Imaxino que non a pagar a súa débeda...

ELVIRA

Aínda non... Vin contarlle que pola súa culpa o meu xenro deulle unha malleira a Rebeca.

RODRIGO

(Sen dar creto)

Que?

No mesmo intre en que fala e dá volta para erguerse, RODRIGO recibe unha punzada de dor no lombo.

ELVIRA

O que escoitou, capitán. Grazas á súa obstinación en manter unha relación con ela, a miña filla ten agora a cara marcada...

RODRIGO ferve. ELVIRA segue coa súa comedia.

RODRIGO

Covarde...

ELVIRA

Déixea en paz. Canto máis se achega a vostede, peor é. Tiven que soterrar ó meu marido. Non me faga perder á miña filla tamén.

RODRIGO

Vou matar a ese malnacido...

ELVIRA prepárase para marchar.

ELVIRA

Se de verdade quere a Rebeca, desapareza da súa vida.

ELVIRA dá volta e marcha encantada coa reacción do capitán.

RODRIGO

Dígalle que está morto. Oíu? Está morto!

10.28. INT. TENDA - DÍA (DÍA 2º)

IRENE, ANDRÉS, FIGURACIÓN (COMADROA)

IRENE está discutindo coa COMADROA que lle enviou Elvira. Sobre o mostrador hai unha bolsa co material da muller.

IRENE

Por favor, pídlle que marche. Xa lle dixen a don Elvira que non podo facelo...

Nese momento aparece ANDRÉS.

ANDRÉS

Bos días!

IRENE

(Disimulando)

Señor administrador, que sorpresa...

ANDRÉS

(Divertido e estrañado)

Agora volvín ser o señor administrador?

A COMADROA, alertada ó saber quen é ANDRÉS, recolle as súas cousas. ANDRÉS albisca un dos instrumentos antes de que a muller marche a toda présa. O administrador vai cara IRENE, que está visiblemente nerviosa.

ANDRÉS (CONT.)

Que está pasando aquí? Quen era esa muller?

IRENE pénsao un par de segundos antes de contestar.

IRENE

Creo que estou embarazada.

ANDRÉS

Que!?

IRENE

E ela... Ela viña cambiar iso.

O administrador queda sen palabras.

10.29. EXT. HOSPITAL/CLAUSTRO - DÍA (DÍA 2º)

DANIEL, SEBASTIÁN, DUARTE

DUARTE atopou a SEBASTIÁN con signos de embriaguez (aínda que non está completamente borracho). DANIEL, que sae dun corredor atópase con eles de fronte.

DANIEL

Por tódolos santos, don Sebastián!

DANIEL corre a axudar a DUARTE.

DANIEL (CONT.)

(A Sebastián)

Está ben?

SEBASTIÁN

Déixeme en paz!

SEBASTIÁN lanza unha man ó aire que está a piques de darlle a DANIEL. En canto a esquiva, o mozo, volve achegarse.

DANIEL

Acougue...

SEBASTIÁN

Tiña que mandar ó seu sicario...

DANIEL

(A Duarte)

Non lle fagas caso.

(A Sebastián, incrédulo)

Está bébedo...

SEBASTIÁN

Non. Non o estou. Aínda non...

(Para el)

Non podía deixarme tranquilo...

DANIEL

(A Duarte)

Grazas... Xa me ocupo eu. Hai que quitarlle esa borracheira.

DANIEL carga con SEBASTIÁN.

SEBASTIÁN

A vostede que lle importa...

DANIEL

Aínda que non o crea, preocúpame,
doutor.

10.30. HOSPITAL/SALA DE OPERACIÓNS - DÍA (DÍA 2º)

DANIEL, SEBASTIÁN

SEBASTIÁN lava a cara con auga dunha almofía para despexarse.

SEBASTIÁN

Contento?

DANIEL

Non agardaba este comportamento de
vostede. Que lle ocorre?

SEBASTIÁN

(Mírao)

Déame unha toalla.

DANIEL obedece.

DANIEL

O que fixo foi dunha enorme
irresponsabilidade.

SEBASTIÁN seca a cara.

SEBASTIÁN

Non teño a cabeza para sermóns. E
menos de vostede.

DANIEL

Pois vai ter que escoitarme. Como
se lle ocorre marchar e deixar
todo...

SEBASTIÁN detense un intre antes de falar.

SEBASTIÁN

Sabe unha cousa, don Daniel... As
vezes eu tamén me farto de tanta
morte. Non abandonei a medicina
porque, a pesar do meu aspecto...

DANIEL

Vostede non--

SEBASTIÁN

Cale a boca.

DANIEL queda cortado.

SEBASTIÁN (CONT.)

A pesar da miña deformidade e das burlas, quería demostrar a todo o mundo que non era un inútil. Que podía axudar ós demais. Porque para a medicina só fan falla dúas cousas: cabeza e mans... E eu tiña as dúas. E tamén tiña ansia. Ansia por saber, por continuar aprendendo...

DANIEL

Entendo...

SEBASTIÁN

Daquela tamén sabe que a día de hoxe hai moitas cousas que aínda non podemos solucionar. E se baixásemos do pedestal en que nos coloca enganar á morte de cando en vez, dariámonos de conta de que non somos distintos de aqueles ós que pretendemos sandar. As veces, doutor, cando as cousas non teñen solución, tamén nós precisamos curarnos para seguir adiante.

DANIEL asente.

DANIEL

Descúlpeme.

SEBASTIÁN

Esas desculpas chegan tarde. Non debeu mandar que me fosen buscar. Debeu respectarme.

DANIEL

Síntoo.

SEBASTIÁN

(Retórico)

Que fixen mal... Desde logo. Que debería ter estado aquí... Tamén. Pero vostede, coma min, sabe que hai días en que iso non cambia nada. Que nós non marcamos diferenza ningunha. E hoxe é un deses días.

DANIEL, serio e conmovido polas verbas, dálle un tónico.

DANIEL

Para a dor de cabeza.

SEBASTIÁN agradece cun movemento de cabeza e bébeo.

DANIEL (CONT.)

E que pasa co seu amigo. Non lle vai dicir nada? Polo menos debería despedirse del. Seguramente non sobreviva ó día de hoxe.

SEBASTIÁN asente e devólvelle o tónico.

SEBASTIÁN

Cre que non o sei?

10.31. INT. TENDA - DÍA (DÍA 2º)

ANDRÉS, IRENE

ANDRÉS e IRENE en conversa iniciada.

ANDRÉS

Dende cando o sabe?

IRENE

Levo un tempo cunha falta... E hai uns días comezaron os vómitos e os mareos.

ANDRÉS

Por que non mo dixo?

IRENE

Porque nin eu mesma o creo.

IRENE nega con insistencia.

IRENE (CONT.)

Parece unha broma macabra.
Embarazada dese desgraciado...

ANDRÉS

Irene, o que estaba a piques de facer é moi perigoso.

IRENE

Non o entende, verdade? Non podoo ter ese fillo.

ANDRÉS

Si que pode.

ANDRÉS cólvelle a man.

ANDRÉS (CONT.)

Eu vou estar ó seu lado.

IRENE pénsao un instante.

ANDRÉS (CONT.)

Vai ter todo o meu apoio e o do hospital. Non vai estar soa. Créame.

IRENE

Un escándalo coma este é xusto o que os seu inimigos precisan para botárselle enriba.

ANDRÉS

Confíe en min.

IRENE

Non coñece Santiago. Unha nai solteira formando parte do cabido do Hospital...

IRENE retira a man.

IRENE (CONT.)

Non... É imposible.

ANDRÉS

Por que? Ese neno é inocente... Non é responsable do que fixo Leopoldo.

IRENE

Seino perfectamente. Pero explíqueme unha cousa... Como pretende que lle mire á cara tódolos días?

ANDRÉS cala.

IRENE (CONT.)

Lembrándome o resto da miña vida o que me fixo ese home.

(Colle folgos)

E que lle vou dicir cando me pregunte quen era seu pai? Eh...?

ANDRÉS

Escoite: se non quere quedar con el, non quede... Pero non arrisque a súa vida. Pode entregalo discretamente no hospital.

IRENE volve negar.

ANDRÉS (CONT.)
Ninguén ten por que sabelo.

IRENE
Non o entende: seino eu.

De pronto, IRENE comeza a sentirse mal.

ANDRÉS
Que lle ocorre?

IRENE
Estou un pouco mareada...

ANDRÉS
Sente, por favor...

Cando vai sentar, IRENE desmáíase. ANDRÉS ten que collela en brazos para evitar que caia ó chan.

ANDRÉS (CONT.)
Irene! Irene...

PASO DE TEMPO.

10.32. EXT. HOSPITAL/CONSULTA - DÍA (DÍA 2º)

DANIEL, IRENE

DANIEL acaba de examinar a IRENE.

DANIEL
Pode vestirse... Xa rematei.

IRENE vístese detrás dun biombo.

DANIEL (CONT.)
Non debeu mentirme.

IRENE
Non fixen tal. Só esquecín dicirlle que tiña unha falta.

DANIEL
Esqueceuse, claro...

DANIEL vaia cara a mesa e senta.

DANIEL (CONT.)
Así é moi difícil facer un diagnóstico axeitado, dona Irene.

IRENE

Está ben. Descúlpeme... É certo, non llo dixen á mantenta. Estaba moi preocupada polo meu estado.

DANIEL

Pois non ten porqué.

IRENE

(Sorprendida)

Como?

DANIEL

Posiblemente o período se lle retirou debido a un pólipo que acabo de detectarlle. Os vómitos e os mareos semellan froito da tensión.

IRENE

Está seguro?

DANIEL

Todo o que podo estalo tras un exame.

IRENE

Deus!

IRENE, emocionada, comeza a chorar. O choro é de ledicia, aínda que DANIEL interprétao como preocupación pola enfermidade.

DANIEL

Dona Irene...

DANIEL levántase e vai canda ela.

DANIEL (CONT.)

Por favor, tranquilícese... Non é grave. En serio... O pólipo está nun lugar onde se pode extirpar con relativa facilidade.

Ela asente varias veces.

DANIEL (CONT.)

O mellor é que ingrese uns días e fagamos a intervención de contado.

IRENE

(Secando as bágoas)

De acordo...

DANIEL

Tendo en conta que é vostede un membro do Cabido, o mellor é que doutor Devesa se encargue da súa operación.

IRENE

Como vostede queira.

DANIEL

(Sorrí tentando animala)

Ademais, non a vou enganar, ten moita máis experiencia ca min neste tipo de casos.

IRENE

(Sorrí aliviada)

Moi ben... Grazas.

DANIEL

Ha recuperarse moi pronto. Xa o verá.

10.33. INT. HOSPITAL/ENFERMERÍA - DÍA (DÍA 2º)

ANDRÉS, ÚRSULA, FIGURACIÓN (ENFERMEIRA 1, PACIENTES)

ÚRSULA está sentada escribindo unha nova nota de chantaxe esixindo máis cartos.

Texto da nota:

"Cincocentos ducados. Unha semana, mesmo lugar. Non avise ás autoridades, ou a súa filla saberá o seu segredo".

ÚRSULA ve entrar a ANDRÉS e agacha a nota con tranquilidade.

ANDRÉS

Prepare unha cama para dona Irene.
Vai someterse a unha intervención.

ÚRSULA

(Falsa)

Nada grave, espero.

ANDRÉS

O doutor Álvarez de Castro daralle os detalles...

O administrador está a piques de marchar, pero ÚRSULA deteno.

ÚRSULA

Se me desculpa... Levo todo o día buscándoo para informalo dun asunto disciplinario moi grave.

ANDRÉS

Terá que esperar. Agardo a visita do fiscal inquisidor.

ÚRSULA

Maior motivo para resolvelo. Trátase dun atentado contra a moral.

ANDRÉS, amolado, non ten máis remedio que escoitala.

ANDRÉS

Fale.

10.34. EXT. HOSPITAL/CLAUSTRO - DÍA (DÍA 2º)

RODRIGO, REBECA

REBECA chega ó hospital. Ve a RODRIGO sentado no claustro e vai cara el.

REBECA

Recibín a túa nota. Que pasou?

RODRIGO

Senta, por favor.

Ó facelo, REBECA decátase de que RODRIGO está ferido.

REBECA

(Alarmada)

Estás ferido?

RODRIGO

Sobrevivirei. E ti?

A pregunta cóllea por sorpresa.

REBECA

(Disimula)

Eu que?

RODRIGO acariña as marcas que ela intentou ocultar.

RODRIGO

Deus... Vou matar a ese desgraciado.

REBECA

Non!

RODRIGO

(Sorprendido)

Preocúpache o que lle pase?

REBECA

A el non: a ti! Ou non lembrás como remataches aquí?

RODRIGO

Colleume por sorpresa. Un erro que non cometerei de novo.

REBECA

Certo, porque vas quedar quieto sen facer nada. Foi só un golpe, Rodrigo. Podo soportalo.

RODRIGO

Pero eu non.

REBECA

Non deixas de lembrarme que estamos en guerra. Que pasaría se o matas e te collen?

RODRIGO

Aforcaríanme.

REBECA

E dilo así, tan tranquilo!

RODRIGO

Non me importan as consecuencias. Ámote, e non vou permitir que ninguén che faga dano.

REBECA

Nin eu a ti...

REBECA bícao. RODRIGO aínda non o sabe, pero está a despedirse del.

REBECA (CONT.)

(Marchando)

Adeus, Rodrigo.

RODRIGO

Rebeca... Volve aquí... Rebeca!

REBECA marcha sen mirar atrás, decidida. RODRIGO queda só.

Nota: vaise aproveitar a cola desta secuencia para a montaxe musical do final do episodio.

10.35. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 2º)

ANDRÉS, DANIEL

Entra DANIEL.

DANIEL
Queríame ver?

ANDRÉS
(Seco)
Si. Sente.

DANIEL obedece, sorprendido polo ton autoritario de ANDRÉS.

DANIEL
Que sucede?

ANDRÉS pon sobre a mesa o botón de puño.

ANDRÉS
Pode explicar isto?

DANIEL
(Desconcertado)
Como di...?

ANDRÉS
Pregúntolle se é seu.

DANIEL mira ben o botón.

DANIEL
Non sei...
(Decátase de que lle falta un)
Vaia, parece que si. Grazas.

ANDRÉS
Lembra onde o perdeu?

DANIEL empeza a estar incómodo.

DANIEL
Desculpe, don Andrés, pero non entendo a que ven este interrogatorio... Cal é o problema?

ANDRÉS

Imaxino que está ó tanto das normas do Hospital Real.

DANIEL

Por suposto.

ANDRÉS

Daquela saberá que están prohibidas as relacións entre médicos e enfermeiras.

DANIEL decátase de por onde vai.

ANDRÉS (CONT.)

Vai entendendo xa?

DANIEL

A miña relación coas enfermeiras é estritamente profesional.

ANDRÉS

Incluída a señorita Taboada?

DANIEL

Incluída ela, si.

ANDRÉS

(Sinalando o botón)

Entón que facía isto no seu cuarto?

DANIEL remóvese, nervioso.

DANIEL

Con tódolos respectos, don Andrés... Non me gusta que se dubide do meu honor, nin do da señorita Taboada.

ANDRÉS

O seu honor cónstame. O da señorita está por determinar.

DANIEL

Que quere dicir?

ANDRÉS

O Hospital Real está implicado nunha investigación moi delicada. Nestes momentos, non podemos arriscarnos a ningún escándalo de índole moral.

DANIEL

Se isto ten que ver con Clara...

ANDRÉS

Eu non falei da miña filla, doutor. Aínda que xa que a menciona, lémbrolle que está casado con ela. Non debería frecuentar a outras mulleres, e menos dentro deste hospital.

DANIEL

Doulle a miña palabra de que non pasou nada.

ANDRÉS

Non preciso a súa palabra. Abóndame con confirmar a honorabilidade da señorita.

DANIEL

Como?

DANIEL comprende o que vai pasar. Érguese, furioso.

DANIEL (CONT.)

Esixo que deteña esa barbaridade de inmediato! A señorita Taboada non debería pasar por iso!

ANDRÉS

(Estoupa)

Non, non debería! Gústame tan pouco como a vostede, pero a culpa é toda súa.

DANIEL

Miña...?

ANDRÉS

Como superior desa rapaza o seu deber era manter as distancias, e sábeo. Así que sente e non estrague máis as cousas!

DANIEL obedece, intentando controlarse.

10.36. INT. HOSPITAL/SALA OPERACIÓNS - DÍA (DÍA 2º)

ÚRSULA, OLALLA, FIGURACIÓN (MONXA 1)

Asistida pola MONXA 1, ÚRSULA pretende examinar a OLALLA para determinar se continúa sendo virxe.

ÚRSULA

Non temos todo o día. A que agarda?
Suba á mesa.

OLALLA

Isto non está ben...

ÚRSULA

Pensárao antes de alternar con
homes casados.

OLALLA

Non fixen tal.

ÚRSULA

E logo, o doutor Álvarez de Castro
non é un home casado?

OLALLA

Si, pero eu non... Non me deitei
con el.

ÚRSULA

Xa veremos.

OLALLA

Non vou permitir que me toquen.

ÚRSULA

Negarse é admitir a súa culpa.

OLALLA

Dáme igual. Non penso subir a esa
mesa.

ÚRSULA

Teña en conta que non será vostede
a única que sufra as consecuencias.
Don Andrés non terá máis remedio
que despedir ó doutor. É iso o que
quere?

OLALLA nega.

ÚRSULA (CONT.)

Daquela rematemos con isto dunha
vez.

OLALLA fai de tripas corazón e vai cara a mesa. É un momento
humillante e non pode evitar chorar de rabia.

10.37. INT. HOSPITAL/CORREDOR - DÍA (DÍA 2º)

ROSALÍA, ÚRSULA

ROSALÍA agarda no corredor, nerviosa. Sabe que ela non vai pasar o exame.

ÚRSULA sae da sala de operacións con cara de poucos amigos: a exploración de Olalla non saíu como ela agardaba.

ÚRSULA
Vostede é a seguinte.

ROSALÍA
(Aterrorizada)
Eu...?

ÚRSULA
O cuarto é das dúas, non? Ambas son sospeitosas de conduta inmoral.

ROSALÍA
Pero é que...

ÚRSULA
Ou entra, ou confesa. Vostede verá.

ROSALÍA dubida.

ÚRSULA (CONT.)
Vai confesar?

ROSALÍA non aguanta máis a tensión.

ÚRSULA (CONT.)
Por última vez, enfermeira... Tivo relacións pecaminosas co doutor Álvarez de Castro?

ROSALÍA nega, agoniada.

ROSALÍA
Con el non...

ÚRSULA
(Sorprendida)
Con quen, daquela?

10.38. INT. PAZO/SALÓN - DÍA (DÍA 2º)

REBECA, ELVIRA, FIGURACIÓN (CRIADA 2)

REBECA dálle instrucións á CRIADA 2, que carga cunhas bolsas de viaxe.

REBECA

Ten coidado con esas.

A criada marcha coas bolsas. Crúzase con ELVIRA, que entra.
REBECA fala con ela mentres segue a recoller as súas cousas.

ELVIRA

Pódese saber onde vas?

REBECA

A Madrid. Pedro e máis eu marchamos de inmediato.

ELVIRA

(Sorprendida)

Xuntos?

REBECA

Si.

ELVIRA

Vaia... Iso si que non o esperaba.

REBECA

Non era o que querías? Pois parabéns.

ELVIRA

E que pasa co capitán Ulloa?

REBECA

Se quedo en Santiago, antes ou despois matará ó meu home. E non quero que estrague a súa vida por min.

ELVIRA ri, escéptica coa nova REBECA que está a descubrir.

ELVIRA

O espírito de sacrificio non che acae, filla. Non creo que aguantes moito en Madrid.

REBECA

O suficiente para que Rodrigo esqueza todo este asunto.

ELVIRA

Se cadra tamén te esquece a ti...

REBECA

Dubídoo moito. Pode que lograses separarnos, pero non conseguirás que deixemos de querernos.

ELVIRA

Non sexas inxenua, querida... A distancia e o tempo encargaranse de facer ese traballo por min.

REBECA míraa con desprezo.

REBECA

Espero que Rodrigo acabe contigo.

ELVIRA

Que queres dicir?

REBECA

Acaso pensas que vai quedar de brazos cruzados cando saiba que marchei? Quen é a inxenua agora?

REBECA marcha. ELVIRA queda preocupada.

Nota: vaise aproveitar a cola desta secuencia para incluír na montaxe musical do final do episodio.

10.39. EXT. HOSPITAL/CLAUSTRO - DÍA (DÍA 2º)

OLALLA, DUARTE

OLALLA está sentada no claustro, recuperándose da humillación á que a someteu a irmá ÚRSULA. Ve que pasa DUARTE e intenta facerse a forte, pero aínda está a tremer polo que pasou.

DUARTE decátase do que lle sucede. Quita a chaqueta e colócalla por riba dos ombros.

OLALLA

Grazas...

DUARTE non lle dá importancia e marcha. OLALLA queda sorprendida polo xesto.

10.40. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 2º)

ANDRÉS, CRISTÓBAL, ÚRSULA, DANIEL

Ante a sorpresa de todos, CRISTÓBAL testifica a favor de ROSALÍA.

CRISTÓBAL

A responsabilidade é toda miña. A enfermeira Castelo non debería ser sancionada.

ÚRSULA

As normas do hospital ditaminan que sexa despedida con efecto inmediato.

DANIEL

Esas normas prohiben as relacións entre enfermeiras e médicos. Non din nada dos boticarios.

Por unha vez, ÚRSULA non sabe que dicir. ANDRÉS frega a cara, farto do asunto.

ANDRÉS

Que vou facer con vostedes...?

CRISTÓBAL

O que considere máis xusto, non me cabe dúbida.

ANDRÉS

(Suspira)

Non quero volver escoitar falar deste asunto. Entendido?

ÚRSULA

Pero... Cometeuse unha infracción!

ANDRÉS

Don Daniel ten razón: esa norma non afecta ós boticarios.

ÚRSULA queda fría. Decátase de que non ten sentido seguir insistindo.

ÚRSULA

Como vostede diga. Se me desculpan...

ÚRSULA marcha, levada polos demos.

CRISTÓBAL

(A Andrés)

Moitas grazas...

ANDRÉS

Eu de vostede andaría con coidado. Aínda estou a tempo de cambiar as normas... Esa muller é demasiado boa para vostede.

CRISTÓBAL

Créame que o sei, señor.

DANIEL

Daquela, está todo resolto.

(A Cristóbal)

Vamos?

CRISTÓBAL asente. El e DANIEL van cara a porta, dispostos a marchar.

ANDRÉS

Aínda queda un cabo solto...

DANIEL e CRISTÓBAL detéñense na porta. ANDRÉS mostra o botón de puño de DANIEL.

ANDRÉS (CONT.)

O botón de puño. Como chegou ó cuarto das enfermeiras?

CRISTÓBAL mira a DANIEL, que non sabe que responder.

ANDRÉS (CONT.)

Supoño que é un misterio que quedará sen resolver. Poden marchar.

DANIEL faille un xesto de agradecemento ó administrador e marcha con CRISTÓBAL.

ANDRÉS sopra e garda o botón de puño nun caixón.

10.41. INT. HOSPITAL/CORREDOR - DÍA (DÍA 2º)

GASPAR, ÚRSULA

GASPAR chega para ver se a ra do hospital regresou á vida. Crúzase no corredor con ÚRSULA, que marcha con cara de poucos amigos cara a enfermería.

GASPAR

Irmá...

ÚRSULA detense.

ÚRSULA

Ilustrísimo reverendo... Ven comprobar o resultado do experimento?

GASPAR

Así é. Pero non quería falar con vostede diso.

ÚRSULA

Vostede dirá.

GASPAR

O padre Bernardo denunciou que o
testamento do padre Damián é falso.

Aínda que a noticia pon a ÚRSULA en alerta, consegue
disimular a súa inqueda.

ÚRSULA

(Sen inmutarse)

Non tiña noticia de tal cousa...

GASPAR

(Acougado)

Da denuncia ou da posible
falsidade?

ÚRSULA

De ambas.

GASPAR esboza un medio sorriso.

GASPAR

Por suposto.

ÚRSULA

Se quere saber quen o fixo, busque
ós beneficiarios.

GASPAR

Iso fixen. Fun falar cos Padres
Dominicos... E sabe unha cousa, nin
sequera coñecían ó padre Damián...

(Pausa)

... Pero a vostede coñécena moi
ben.

ÚRSULA nin se inmuta.

ÚRSULA

É natural. Teño moi boa relación
eles.

GASPAR

Non me cabe dúbida.

ÚRSULA

Resúltalle estraño?

GASPAR

En absoluto, irmá. Non adoito
tirar conclusións anticipadas.

(MÁIS)

GASPAR (CONT.)

Sobre todo se non teño probas
concluíntes.

ÚRSULA

Iso fala da súa prudencia.

GASPAR

Mágoa que non se poida dicir o
mesmo de vostede. Obra no meu poder
unha copia do testamento orixinal,
que gardaba o escribán que o
redactou. E dista bastante do que
beneficia ós Padres Dominicos.
Aínda que iso xa o sabía, verdade?

ÚRSULA non contaba con iso e nótaselle.

ÚRSULA

Non sei onde quere ir, reverendo...

GASPAR

Vostede cometeu un delito.

ÚRSULA non sabe que dicir.

GASPAR (CONT.)

Co que sei abóndame para condenala.
Ignoro por que o fixo e dáme igual.
Pero se vostede fai algo por min,
deixareino pasar. A fin de contas,
a Igrexa foi a beneficiaria dos
bens do padre Damián.

ÚRSULA

(Seria)

Que quere que faga?

GASPAR

Axúdeme a desfacerme do padre
Bernardo.

ÚRSULA non oculta a súa sorpresa.

ÚRSULA

Do padre Bernardo?

GASPAR

De que se sorprende? Despois de
todo, é un xesuíta, non? E o noso
deber é librarnos deles.

10.42. INT. HOSPITAL/CAPELA - DÍA (DÍA 2º)

SEBASTIÁN, BERNARDO

BERNARDO entra e sorpréndese ó atopar a SEBASTIÁN sentado nun banco. O cura vai canda el e senta ó seu carón. SEBASTIÁN segue mirando cara diante, como se non estivese alí.

BERNARDO

Non o tiña por un home moi
relixioso.

SEBASTIÁN

Non se confunda; non estou aquí
para rezar. Só buscaba un lugar
silencioso para ordenar os meus
pensamentos.

BERNARDO decátase da loita interna de SEBASTIÁN.

BERNARDO

Se precisa da miña axuda...

SEBASTIÁN

Non, grazas, padre. Ninguén pode
facer nada por min nestes momentos.

BERNARDO

A confesión serve para aliviar as
conciencias. E o que diga quedará
entre nós.

SEBASTIÁN

Está seguro de que quere
escoitarme?

BERNARDO

Adiante.

SEBASTIÁN mírao un momento, pero logo volve xirarse cara
diante.

SEBASTIÁN

Hai unha persoa... Un amigo...
Deses que só se encontran unha vez
na vida.

BERNARDO presta especial atención.

SEBASTIÁN (CONT.)

Coñecémonos de novos. Antes de que
eu contraese a tuberculose que me
converteu no que son agora. E
mantivemos esa...

(Pausa)

...

(MÁIS)

SEBASTIÁN (CONT.)

Esa amizade durante varios anos,
ata que enfermei. Entende do que
lle falo?

BERNARDO decátase do tipo de relación do que lle está a
falar. Asente, atónito (naquela época, era un "pecado"
terrible).

SEBASTIÁN (CONT.)

Non quería que ninguén tivese que
sufrir polo que eu estaba pasando.
El non o entendeu, e eu tampouco
quixen explicarllo. Preferín quedar
cos recordos que vivir coa súa
compaixón. E agora, tantos anos
despois, aparece aquí para que o
cure...

BERNARDO

E pode facelo?

SEBASTIÁN

Non.

Os dous quedan un intre en silencio. BERNARDO é plenamente
consciente do que lle acaba de confesar.

SEBASTIÁN (CONT.)

Non se torture, padre. Sei que non
hai absolución para os meus
pecados, e non lla vou pedir.

BERNARDO

Non pensaba niso... Creo que
debería despedirse del antes de que
sexa demasiado tarde, ou vaino
lamentar toda a vida.

*Nota: vaise aproveitar a cola desta secuencia para a montaxe
musical do final.*

10.43. INT. HOSPITAL/ENFERMERÍA - DÍA (DÍA 2º)

ÚRSULA, ANÍBAL, ALICIA, FIGURACIÓN(PACIENTES)

ANÍBAL está en moi mal estado. Láíase caladamente da intensa
dor que sofre. ALICIA está ó seu lado, coidándoo e rezando o
"Miserere Dei, Domine" ("Ten misericordia de min, Señor").

ALICIA

Ten misericordia de min, Señor, e
pola túa grande bondade esquece
tódalas miñas ofensas.

ALICIA ve entrar á irmá ÚRSULA, que está doente logo da súa conversa con Gaspar. Deixa de rezar e achégase a ela cunha carta.

ALICIA (CONT.)

Irmá...

ÚRSULA

(Aínda distraída)

Que...?

ALICIA dálle a carta de ANÍBAL.

ALICIA

Tome. Escribiuna o paciente para o doutor Devesa, pero non veu en todo o día. Mellor que lla dea vostede.

ÚRSULA

Como está?

ALICIA vólvese para mirar a ANÍBAL.

ALICIA

Morrendo.

A monxa colle a carta e vai ata a súa mesa. ALICIA senta de novo a carón de ANÍBAL e volve rezar.

ALICIA (CONT.)

Ten compaixón de min, Señor, e pola túa grande bondade esquece todas as miñas ofensas.

ÚRSULA vai gardar a carta no caixón pero repénsao. De fondo continúa ALICIA.

ALICIA (O.S.) (CONT.)

Lava a miña maldade, e límpame de pecado. Porque recoñezo as miñas faltas e o meu pecado está sempre presente.

ÚRSULA colle a carta, gárdaa no peto e marcha da sala pasando de novo por diante de ALICIA.

ALICIA (CONT.)

Só contra ti pequei, e fixen o mal diante dos teus ollos: sé xusto na túa palabra, e claro cando sexa xulgado.

10.44. INT. HOSPITAL/CUARTO - DÍA (DÍA 2º)

CRISTÓBAL, ROSALÍA

ROSALÍA está deitada chorando na cama. CRISTÓBAL chama á porta.

CRISTÓBAL (O.S.)
Rosalía... Son eu... Sei que estás
aí... Por favor, déixame pasar...

A moza non responde. CRISTÓBAL asoma pola porta.

CRISTÓBAL (CONT.)
Só quero comprobar que estás ben...

ROSALÍA afunde a cara na almofada.

ROSALÍA
Por favor, marcha...

O boticario entra, pecha a porta e achégase canda ela.

ROSALÍA (CONT.)
Que vergoña... Deus, que vergonza
máis grande.

CRISTÓBAL
Shh... Acouga...

ROSALÍA
Xúroche que non quería dicilo, pero
non tiven máis remedio...

CRISTÓBAL acaríñaas.

CRISTÓBAL
Enténdoo. Non pasa nada.

ROSALÍA ergue a cabeza e mírao cos ollos chorosos.

ROSALÍA
E a túa reputación?

CRISTÓBAL
(*Sorrí triste*)
A miña non debe preocuparte. É a
túa... A xente é moito máis dura
coas mulleres nestes casos.

ROSALÍA
Non me importa.

CRISTÓBAL faille un agarimo coa man. Ela cóllella e bícaa.

ROSALÍA (CONT.)

Non me arrepinto de nada.

CRISTÓBAL dálle unha aperta para consolala.

CRISTÓBAL

Eu tampouco.

ROSALÍA sorrí de felicidade. Quedan abrazados.

Nota: vaise aproveitar a cola desta secuencia para a montaxe musical.

10.45. INT. HOSPITAL/DESPACHO - DÍA (DÍA 2º)

GASPAR, ANDRÉS, BERNARDO, ARCEBISPO MALVAR

GASPAR e ANDRÉS, de costas á porta, teñen diante da caixa da ra.

ANDRÉS

Proceda.

GASPAR

De verdade vai xogar o destino da súa filla deste xeito?

ANDRÉS

Abra a caixa.

GASPAR colle a chave que lle entregaran e ábrea. A ra aparece viva.

ANDRÉS (CONT.)

Aí o ten... Foi o estramonio.

GASPAR

Isto non demostra nada.

ANDRÉS

(Sen dar creto)

Vostede aceptou esta proba.

GASPAR

Pretende comparar unha ra cunha persoa?

ARCEBISPO (O.S.)

Ten toda a razón. Non teñen nada que ver.

ANDRÉS e GASPAR dan volta e, sorprendidos, atopan ó ARCEBISPO MALVAR na porta. Ven acompañado do padre BERNARDO.

ANDRÉS
Arcebispo Malvar...

GASPAR
(Atónito)
Facíao fóra de Santiago.

ARCEBISPO
Sorte que volvín antes do previsto.

O ARCEBISPO vai canda eles.

ARCEBISPO (CONT.)
Tiven noticia da sorprendente morte
e resurrección da súa filla, señor
Osorio... E do procedemento
iniciado polo inquisidor Somoza.

GASPAR mira a BERNARDO, que aparta a vista. Queda claro que
foi el quen informou ó arcebispo.

ARCEBISPO (CONT.)
Como comprenderán, non quería
perder o desenlace de tan curioso
acontecemento por nada do mundo.

ANDRÉS amósalle a caixa. Tanto el como GASPAR ignoran cal vai
ser a postura do ARCEBISPO.

ANDRÉS
Como pode ver, a ra está viva.

ARCEBISPO
O reverendo Somoza tiña razón ó
afirmar que non se pode comparar
unha ra cun home.

GASPAR sorrí créndose triunfador.

ARCEBISPO (CONT.)
O home, como todos saben, é unha
criatura feita a imaxe e semellanza
de Deus, e por tanto capaz de
prodixios. Se unha simple ra pode,
por así dicilo, volver á vida tras
inxerir ese veneno, canto máis
poderá facelo un fillo de Deus...
(Mira a Andrés)
Ou, neste caso, unha filla.

ANDRÉS
Entón...

ARCEBISPO

Desde o meu punto de vista na recuperación da súa filla non estivo presente o demo, senón Deus que lle deu a fortaleza necesaria para vencer ó veneno e á morte.

ANDRÉS agradece as verbas do ARCEBISPO cun xesto de cabeza.

ARCEBISPO (CONT.)

Algunha obxección, señor inquisidor?

GASPAR

Ningunha, a súa Excelencia Reverendísima. Por min, o caso está pechado. Se me desculpan, teño outros asuntos que atender.

GASPAR marcha, levado polos demos e fulminando de novo coa mirada a BERNARDO. ANDRÉS achégase ó ARCEBISPO.

ANDRÉS

Non sei como agradecerlle o que acaba de facer, Arcebispo Malvar. Sen a súa axuda non sei como...

ARCEBISPO

(Interrompendo, amigable)

Non é nada, señor Osorio. Aínda que non nos vemos coa frecuencia que desexaría, gustaríame que me considerase un amigo. E máis nestes tempos tan incertos.

ANDRÉS

Así será. É unha honra contar coa súa amizade. Calquera cousa que precise non ten máis que pedila.

ANDRÉS estréitalle a man.

INICIO DE MONTAXE MUSICAL:

10.38B. INT. PAZO/SALÓN - DÍA (DÍA 2º)

ELVIRA

Cola da secuencia 10.38: vemos a ELVIRA sentada no salón, alertada pola posibilidade de que Rodrigo se vingue da marcha de Rebeca (algo que sucede no seguinte episodio).

10.34B. EXT. HOSPITAL/CLAUSTRO - DÍA (DÍA 2º)*RODRIGO*

Cola da secuencia 10.34: RODRIGO ergueuse do banco e pasea polo claustro, con xesto serio. Preocúpalle a forma na que Rebeca se despediu del.

10.44B. INT. HOSPITAL/CUARTO - DÍA (DÍA 2º)*ROSALÍA, CRISTÓBAL*

Cola da secuencia 10.44: vemos a ROSALÍA e a CRISTÓBAL na cama, abrazados. El acariña para consolala polo mal momento que pasou coa irmá Úrsula.

10.42B. INT. HOSPITAL/CAPELA - DÍA (DÍA 2º)*BERNARDO*

Cola da secuencia 10.42: vemos a BERNARDO na capela, só, rezando en silencio por Aníbal e Sebastián.

10.46. INT. HOSPITAL/CORREDOR - DÍA (DÍA 2º)*ÚRSULA*

ÚRSULA abre a carta de Aníbal a Sebastián. Non dá creto ó que le.

10.47. INT. HOSPITAL/ENFERMERÍA - DÍA (DÍA 2º)*SEBASTIÁN, ANÍBAL, FIGURACIÓN (PACIENTES)*

SEBASTIÁN vai a carón de ANÍBAL. Senta canda el e cóllepelle da man para acompañalo mentres morre.

FIN DA MONTAXE MUSICAL.**- FIN DO EPISODIO 10 -**